

MULLERIÑAS

Greta Gerwig, 2019

624

ESTREA EN NUMAX: 01.01.2020 | V.O.S.E. | TP

Little Women (2019, 135')

Dirección: Greta Gerwig

Guión: Greta Gerwig

Elenco: Saoirse Ronan, Emma Watson, Florence Pugh, Meryl Streep, Timothée Chalamet, Laura Dern

Son: Pud Cusack

Música: Alexandre Desplat

Fotografía: Yorick Le Saux

Dirección de arte: Jess Gonchor

Vestuario: Jacqueline Durran

Montaxe: Nick Houy

Produtora: Columbia Pictures, Sony Pictures Entertainment, New Regency Pictures, Pascal Pictures

Distribuidora: Sony

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 2020
(Nomeada a Mellor Actriz
Dramática e Banda Sonora)

FILMOGRAFÍA

Lady Bird, 2017
Noches y fines de semana, 2008
[con Joe Swanberg]

SINOPSE

Massachusetts, mediados do século XIX, despois da Guerra Civil en Estados Unidos. Decididas a vivir a vida segundo as súas propias regras, as irmás March, Meg (Emma Watson), Beth (Eliza Scanlen), Jo (Saoirse Ronan) e Amy (Florence Pugh), deberán enfrontarse ao reto de chegar á idade adulta. As catro irmás trabarán amizade co veciño do lado, un rapaz chamado Laurie (Timothée Chalamet), que axiña se converterá en amigo da familia.

«Unha brillante adaptación hollywoodiense do clásico feminista (...) Gerwig resalta a viveza, o encanto con certo regusto clásico, a independencia e a complexa personalidade de *Mulleriñas*»

Eulàlia Iglesias, EL CONFIDENCIAL

i! FOMENTO DA
IGUALDADE
DE XÉNERO



“Quería falar sobre o lugar que ocupan as mulleres dentro dos relatos e da historia de amor entre unha moza e un libro”

Entrevista con Greta Gerwig

Por Beatriz Martínez

Que supuxo para vostede o clásico literario de Louisa May Alcott?

Poderíamos dicir que é un libro co que medrei. Grazas a el quixen converterme en escritora e crear historias. Cando o volví ler como adulta, con trinta anos, sorprendeume o moderno que era ao falar de temas como a pertenza, a arte e a ambición, o diñeiro e as mulleres. Son cuestións ás que lle dedico moito tempo, penso nelas e interésanme a nivel persoal e artístico.

Por que era o momento máis adecuado para adaptala de novo?

Era un texto que me facía respirar. Unha obra de aprendizaxe e autodescubrimiento, como tamén o era *Lady Bird*, pero nesta ocasión podía prescindir do elemento autobiográfico, e seguir estando moi próxima a todo o que contaba. Está ademais adelantada ao seu tempo, e na actualidade estamos un pouco atrasados ao noso.

Quería imprimir unha lectura feminista ao clásico? Esa lectura xa vén de Louisa May Alcott. Gústame a súa visión porque o seu feminismo non é didáctico nin exclusivista. Non

establece diferentes xerarquías, senón que as elimina. No libro hai homes bos e mulleres boas. A súa visión da igualdade e do matrimonio son moi ousadas. Por exemplo, o personaxe de Laurie séntese libre cando está na casa das March, rompendo as barreiras da masculinidade. Non se sabe se quere ser irmán, irmá ou marido.

Como conseguiu aglutinar a todos os intérpretes do filme? Desde o momento no que Meryl Streep quixo estar no filme, todo o mundo se apuntou ao proxecto. É o que pasa sempre con Meryl (risas). A Emma Watson admirábaa pola súa intelixencia e sensibilidade, polo seu traballo como actriz e como activista. A Florence Pugh vira en *Lady Macbeth* e a Eliza Scanlen na serie *Feridas abertas*. Ambas me resultaron fascinantes. É difícil explicar por que che gusta un actor. A min pásame que non podo deixar de mirar o seu rostro e nunca me aburro del.

Que é o que máis lle gusta desta nova xeración de actores? Que se atreven a facer cousas arriscadas e que gozan cun proceso de composición complexo. Florence Pugh viña directamente de rodar *Midsommar*, Timmy *The King* e Saoirse Ronan é a mellor, son afortunada de poder rodar con ela dous filmes.

No filme elude a estrutura temporal lineal e aposta polos flashbacks. A idea estivo aí desde o principio. Quería contar a historia cando xa fosen todos adultos e lembrasen a súa nenez. Era unha forma de reflectir a miña propia experiencia como lectora. Comezaron a aflorar as

conexións internas baseadas en recordos, e iso é o que acabou dando consistencia ao relato.

No filme introduce unha reflexión propia ao redor da creación e do proceso literario. Quizais é o que fai esta película máis miña e persoal. Quería investigar a figura da escritora a través da estrutura e a través da propia Jo March. E a partir dela, atoparme a min mesma como autora. No fondo, trátase de reivindicar a Louisa May Alcott e a min mesma e como ambas nos miramos no espello de Jo para expresarnos. Doutra banda, quería falar sobre o lugar que ocupan as mulleres dentro dos relatos e da historia de amor entre unha moza e un libro, que non é o típico romance convencional.

Que lle ensinou a adaptación deste clásico? Que as cousas non se constrúen desde a nada, que hai un longo proceso para poñelas en marcha. Que a democracia é un acto de imaxinación, é algo que se pode crear unha e outra vez. E que me gustan as mozas que se moven rápido.

Publicada en elperiodico.com
Tradución: Olalla Cociña

A directora

Greta Herwig (California, 1983) é actriz, guionista e directora de cine. O seu nome comezou a soar tras participar no chamado cinema *mumblecore*, caracterizado polo seu espírito independente, baixo orzamento e diálogos naturais, o que lle abriu as portas para participar en proxectos máis ambiciosos. Como actriz, foi nomeada ao Globo de Ouro por *Frances Ha*. Debutou como directora en solitario con *Lady Bird* (2017), filme co que obtivo cinco nomeamentos aos Oscar.

NA LIBRARÍA NUMAX

Mujercitas, Louisa May Alcott. Lumen.

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea. #eusedenamax

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

